

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**6663** *Real decreto 411/2014, do 6 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características.*

A expedición do pasaporte ordinario vén regulada polo Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características, norma xurdida da situación de dispersión normativa existente por entón e da necesidade de incorporar nel novos elementos de seguranza, así como da exigencia de adaptación ás distintas resolucións sobre a materia emanadas dos organismos internacionais de que España forma parte.

Tendo transcorrido case unha década, a nova realidade social, así como a necesidade de regularizar a incorporación de determinados elementos biométricos que, en cumprimento das disposicións internacionais que afectan o pasaporte, están actualmente integrados neste documento, fan aconsellable introducir cambios no contido do mencionado real decreto.

Por outro lado, o considerable incremento no número de medidas cautelares ditadas pola autoridade xudicial prohibindo a expedición do pasaporte ou a saída do territorio nacional dos menores afectados polas demandas de separación ou divorcio, aspecto actualmente non tratado na normativa reguladora do pasaporte, require adecuar esta parte para proporcionar unha maior seguranza xurídica á hora de cumprir coas resolucións xudiciais que poidan referirse a estes menores.

En consonancia cos requisitos documentais exixidos para a obtención do documento nacional de identidade, resulta conveniente que a documentación exixida para a obtención do pasaporte veña revestida dos mesmos requisitos, tendo en conta que, como aquel, o pasaporte demostra igualmente a identidade e nacionalidade dos cidadáns españois, e debe garantirse, por tanto, que os datos incorporados nel correspondan cos actuais do solicitante.

Finalmente, a inclusión dun chip electrónico cos datos biométricos relativos á imaxe facial e as impresións dactilares do titular do pasaporte, así como diversos cambios que se consideran necesarios para clarear o seu procedemento de expedición, aconsellan unha modificación parcial do Real decreto 896/2003, do 11 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características.*

O Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Todos os cidadáns españois teñen dereito a obter o pasaporte ordinario sempre que non concorra neles algunha das seguintes circunstancias:

a) Ter sido condenado a penas ou medidas de seguranza que leven unida a privación ou limitación da súa liberdade de residencia ou de movementos, en

canto non se extinga, salvo que obteñan autorización do órgano xudicial competente.

b) Ter sido acordada polo xuíz ou tribunal competente algunha resolución xudicial privativa de liberdade ou que leve unida a prohibición de abandonar o territorio nacional salvo, neste último caso, que obteñan autorización do xuíz ou tribunal que ditou a medida.

c) Cando o xuíz ou tribunal prohiba a saída de España ou a expedición do pasaporte ao menor de idade ou á persoa incapacitada xudicialmente, de acordo co disposto na lei.

d) Ter sido limitado motivadamente este dereito polo Ministerio do Interior no ámbito das medidas que deban adoptarse nos supostos recollidos na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.»

Dous. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 4, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Para a expedición do pasaporte ordinario será imprescindible a presenza física da persoa a quen se lle teña que expedir ante os órganos ou unidades que se sinalan no artigo anterior, que presentará os seguintes documentos:

a) Solicitud debidamente completada e asinada.

b) Documento nacional de identidade en vigor do solicitante, que será devolto no acto da súa presentación, unha vez comprobados os datos deste documento cos reflectidos na solicitud.

c) Unha fotografía recente en cor do rostro do solicitante, de tamaño 32x26 milímetros, con fondo uniforme branco e liso, tomada de fronte e sen lentes de vidros escuros ou calquera outro artigo que poida impedir a identificación da persoa.

d) Comprobante do aboamento da taxa de expedición de pasaporte legalmente establecida, polo importe en cada momento vixente.

2. Cando a persoa que solicite a expedición do pasaporte sexa menor de idade e non estea en posesión do documento nacional de identidade, por non estar obrigado á súa obtención, deberá achegar unha certificación literal de nacemento expedida polo rexistro civil correspondente cunha anticipación máxima de seis meses á data de presentación da solicitud de expedición do pasaporte e que conteña a anotación de que se emitiu só para os efectos da obtención deste documento.

Para a expedición do pasaporte aos menores de idade ou persoas incapacitadas, deberá constar o consentimento expreso dos que teñan atribuído o exercicio da patria potestade ou tutela coa indicación, pola súa parte, de que o seu exercicio non se encontra limitado para prestalo e, en caso contrario, deben suplir a súa falta con autorización xudicial.

Este consentimento prestarase ante o órgano competente para a expedición do pasaporte. Tamén poderá prestarse ante fedatario público, e neste caso deberá xuntarse á solicitud copia auténtica do documento do cal resulte o citado consentimento.

No momento de prestaren o consentimento, as persoas que teñan atribuído o exercicio da patria potestade ou tutela deberán demostrar a súa identidade co documento nacional de identidade en vigor, no caso de cidadáns españois, ou co número de identificación de estranxeiros, ou documento oficial válido para entrar ou residir en España, tamén en vigor, no caso dos estranxeiros, salvo que a tutela fose asumida por ministerio da lei. Ademais, deberase acreditar a relación de parentesco ou condición de titor mediante a presentación de calquera documento oficial para o efecto.

3. Nos supostos de residentes no estranxeiro que soliciten o pasaporte nas representacións diplomáticas ou consulares, o requisito de presentar o documento

nacional de identidade poderá ser substituído pola presentación do pasaporte en vigor ou pendente de renovar ou a certificación literal de nacemento do rexistro civil ou consulado en que se ache inscrito o solicitante.

A certificación literal de nacemento terá que ter sido expedida cunha anticipación máxima de seis meses, e a súa presentación será preceptiva cando existan dúbidas sobre a nacionalidade española do solicitante.»

Tres. Modifícanse os números 5 e 6 e inclúese un novo número 7 no artigo 5, que quedan redactados nos seguintes termos:

«5. Nos casos de extravío ou subtracción do pasaporte en vigor, a validez do primeiro duplicado que se expida na súa substitución estará limitada á data de vixencia que tiña o extraviado. Nos supostos de posteriores extravíos ou subtraccións, a validez dos duplicados poderá limitarse a seis meses.»

6. Tamén poderá limitarse a validez do pasaporte a determinados países ou territorios cando así o dispoña a autoridade xudicial en relación coas persoas en que concorra algunha das circunstancias establecidas no número 1, a), b) e c) do artigo 2 ou o soliciten motivadamente as persoas que exerzan a patria potestade ou a tutela, respecto dos seus fillos ou das persoas que estean baixo a súa garda.

7. Excepcionalmente, cando por motivos de urxencia ou outros debidamente acreditados, o interesado non poida presentar algún dos documentos a que se refire o punto primeiro do artigo 4, sempre que se acrediten por outros medios, suficientes a xuízo do responsable do órgano encargado da expedición, a identidade e nacionalidade española do solicitante do pasaporte, poderase expedir este documento con validez temporal dun ano, no transcurso do cal o interesado deberá obter o pasaporte ordinario coa validez que se sinala nos números anteriores deste artigo.»

O antigo número 7 deste artigo pasa a ser o 8.

Catro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 6, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. O pasaporte ordinario poderá ser retirado ou retido a aqueles cidadáns que se encontren nalgunha das circunstancias a que se refire o número 1, a), b) e c) do artigo 2, polos órganos encargados da súa expedición, cando isto sexa solicitado polas autoridades xudiciais competentes.

2. Igualmente, poderá procederse á retirada ou retención cando así o acorde o Ministerio do Interior, na forma e supostos a que se refire a alínea d) do indicado número 1 do artigo 2.»

Cinco. Modifícase o número 3 do artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nos supostos en que proceda a emisión dun duplicado do pasaporte, a validez deste non excederá a que tiña o documento orixinal, salvo que se encuentre dentro do último ano de vixencia, e neste caso emitirase coa validez sinalada no artigo 5 deste real decreto. Os documentos substituídos perderán os efectos que o ordenamento xurídico atribúe ao pasaporte con respecto ao seu titular.»

Seis. Modifícanse a alínea f) do número 2 e o número 5 do artigo 10, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. f) Dúas liñas de caracteres OCR na parte inferior da folia de datos, para a lectura mecánica destes, na forma a que se refiren os acordos e disposicións internacionais aplicables ao pasaporte.»

«5. O pasaporte levará incorporado un chip electrónico que conterá a seguinte información referida ao seu titular: datos de filiación, imaxe dixitalizada da

fotografía, impresións dactilares dos dedos índices de ambas as mans, ou os que, na súa falta, correspondan conforme a seguinte orde de prelación: maior, anular e polgar.»

Sete. Modifícase a disposición adicional única, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional única. *Remisión de información por vía telemática.*

A documentación requirida para a expedición do pasaporte non será exhibible cando o órgano competente para a súa expedición poida obtela ou consultala por medios telemáticos.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ